CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 3 de agosto de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. María Rozas Pérez.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Francisco Reyes, representante do grupo PSOE.
Dna. Goretti Sanmartin, representante do grupo BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Jaime Bello González, D. Oscar Otero Mahía e D. José Luis Iglesias Granja, en representación do comité de empresa de ARASTI BARCA M A SL; D. Daniel Sánchez Pérez e D. Alfonso Clemente González en representación de FERROVIAL SERVICIOS SA.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	05/06/2017	25.281	A80241789 FERROVIAL SERVICIOS SA (*)
2	05/06/2017	25.444	B70019294 SERVIPLUSTOTAL SLU (*)
3	05/06/2017	25.517	B09346453 ARASTI BARCA M A SL (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación non avaliables mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos e á subseguinte verificación do cumprimento dos requerimentos formais esixidos no prego de aplicación, resultando que a empresa SERVIPLUS TOTAL SLU incumpre o taxativo requerimento do prego que na súa cláusula 13.3 sinala:

*"Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presencia do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".*

Non estando presente ningún representante da empresa neste acto, a mesa acorda a exclusión desta oferta da licitación.

Nembargantes, atopándose na mesma situación a documentación presentada pola empresa FERROVIAL SERVICIOS SA, advertíndose incluso previamente esta circunstancia polos seus representantes asistentes,

e estando presente apoderado acreditado, aportan índice asinado correctamente, considerándose polo tanto perfectamente subsanada esta deficiencia e continuando na licitación.

A mesa acorda o traslado da documentación das dúas empresas admitidas ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliables mediante cifras.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de agosto de 2017, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vogais: Dna. Noa Morales, representante do grupo CA
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna Rocío Montañés Fernández, xefe do servizo de contratación e servizos comunitarios.

Tamén asiste D. Iñaki Bilbao Castro.

Procedo eu, secretaria, a dar lectura do escrito presentado polo técnico municipal D. Xosé M. Rodríguez-Abella no que fai constar a súa imposibilidade de afrontar o traballo de valoración das ofertas presentadas á licitación e realiza unha proposta dun profesional axeitado, profesor da Universidade da Coruña.

Toma a palabra a Sra. Corral quen sinala que non lle parece formalmente axeitado que sexa o propio técnico municipal quen propoña outro profesional senon que sería a mesa quen debera seleccionar.

Tras un debate sobre esta cuestión a mesa acorda solicitar asistencia á Diputación Provincial da Coruña e á Facultade de Ciencias da Educación da USC a través da remisión da correspondente solicitude e o outorgamento dun prazo de 10 días hábiles para recibir resposta.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 17 de outubro de 2017, ás 9:51 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dª Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
D. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
Dª. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polas persoas finalmente designadas como expertos-asesores na Universidade de Santiago de Compostela (D. José Antonio Caride Gómez, catedrático de pedagoxía social), e na Universidade da Coruña (D. Héctor Pose Porto, profesor contratado doutor) sobre os criterios de adxudicación non avaliables mediante cifras ou porcentaxes, no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

Pois ben, respectando por suposto o seu contido e conclusións, a mesa entende que o informe adolece de concreción na xustificación comparativa das puntuacións outorgadas ás dúas empresas licitadoras en cada apartado e subapartado dos criterios de adxudicación a considerar, polo que se acorda solicitar unha nova redacción que incorpore esta información complementaria.

Ás 9:59 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de outubro de 2017, ás 9:25 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dª Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Marta Lois González, representante do grupo CA.
D. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
Dª. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Preséntase para a súa análise e validación informe complementario que tiña por finalidade fundamentar con maior profundidade as valoracións e consideracións realizadas en anterior informe de data 6 de outubro pasado.

Os representantes na mesa do grupo municipal socialista e do BNG, aínda á vista desta ampliación da xustificación das puntuacións outorgadas ás dúas empresas licitadoras, e insistindo en que en ningún caso queren poñer en dúbida nin o contido nin as conclusións do informe, manifestan que preferirían tal vez unha maior exhaustividade.

A este respecto o director da asesoría xurídica, D. Xaquín Monteagudo, argumenta que é reiterada a xurisprudencia que limita o control desta actividade avaliadora esencialmente a dous supostos básicos: o da inobservancia dos elementos regrados e o do error ostensible e manifesto; deixando fora, conseguintemente, unha avaliación alternativa que unicamente pretenda moverse dentro do aceptado e razoable espazo da libre apreciación. Os informes presentados axústanse a estes requerimentos e recollen argumentacións abondo para consideralos correctamente motivados.

Á vista do criterio xurídico exposto a representante do grupo municipal popular non manifesta reparo ó informe de valoración.

A presidenta da mesa, lembra tamén que ademáis da imprescindible garantía de cumprimento dos requerimentos xurídicos que representa a asesoría xurídica municipal, os redactores do informe son expertos de recoñecido prestixio, profesores de universidade, totalmente alleos a este procedemento e a esta administración, circunstancias que ratifican, sen dúbida, a súa imparcialidade e bo facer.

Finalmente toma a palabra a sra. interventora para insistir na súa reiterada esixencia aplicable a todas as licitacións de que se transmita ós redactores dos informes a necesidade dunha correcta motivación dos mesmos.

En consecuencia, a mesa, co voto favorable de todos os seus membros, acorda aprobar o informe de valoración dos criterios de adxudicación non avaliables mediante cifras ou porcentaxes redactados polos expertos-asesores D. José Antonio Caride Gómez e D. Héctor Pose Porto.

Ás 10:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de novembro de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dª Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
Dª. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
Dª. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes do comité de empresa dos traballadores adscritos ó contrato e da empresa Ferrovial.

Lévase a cabo, en primeiro lugar, a lectura pública da puntuación obtida polas dúas empresas licitadoras resultante do informe de valoración aprobado na reunión anterior desta mesa, procedéndose sen solución de continuidade á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	BOLSA DE HORAS
1	FERROVIAL SERVICIOS SA	925.822'72	4.800
3	ARASTI BARCA M A SL	945.000	4.800

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación á oficina orzamentaria municipal para que os economistas a ela adscritos leven a cabo a análise do estudio económico aportado de acordo cos requerimentos da cláusula 13.3 do prego administrativo de aplicación.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS CONCERTADOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 30 de novembro de 2017, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Carme Casado Casado, técnico de promoción económica.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convocada a mesa coa finalidade de levar a cabo a análise do informe de valoración dos estudos económicos presentados, neste momento, por indicación da representante do grupo municipal popular, Dna. María Corral, advírtese que na sesión anterior omitiuse un pronunciamento sobre a presunta causa de inadmisibilidade da oferta da empresa ARASTI, xa que a valoración da súa proposta na fase de criterios técnicos non acadou o umbral mínimo dos 25 puntos que esixe a cláusula 10.3 do prego de aplicación, o que determinaría a súa exclusión da licitación.

De conformidade con informado polo director da asesoría xurídica, a mesa considera que procede decretar a nulidade de actuacións no procedemento ó obxecto de subsanar esa omisión e decidir, se é o caso, a exclusión desta empresa, sen perxuizo de que se conserven as actuacións anteriores, que permanecen inalterables de acordo cos artigos 49 e 51 da vixente Lei de procedemento administrativo.

Antes de resolver esta cuestión, decídese darlles audiencia ós licitadores vía correo electrónico, outorgándolles un prazo de tres días por si teñen algo que alegar.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

Otero Ferreiro, Roman

De: Otero Ferreiro, Roman **Enviado el:** jue 30/11/2017 12:49
Para: CONTRATACION.FSE@FERROVIAL.COM
CC:
Asunto: CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/57/2016
Datos adjuntos:

En el día de hoy se ha celebrado una reunión de la mesa de contratación correspondiente a la licitación del servizo de dinamización y mediación sociocultural de la red de centros cívicos del Concello de Santiago de Compostela.

En la mencionada reunión se ha puesto de manifiesto una ausencia de pronunciamiento sobre la exclusión de la propuesta presentada por el licitador ARASTI BARCA SL, que tendría por base el no haber superado el umbral mínimo de puntuación fijado en la cáusula 10.3 del pliego de cláusulas administrativas particulares de aplicación.

Esta omisión se considera perfectamente subsanable, retrotrayendo el expediente al momento procedimental que permita adoptar la decisión procedente a este respecto, y manteniendo la validez, por supuesto, de las actuaciones anteriores.

La mesa ha acordado, sin embargo, para una mayor garantía y respeto a los principios de buena fe y transparencia, conceder a las empresas licitadoras una audiencia de tres días para que formulen las alegaciones que estimen oportunas, antes de continuar con la normal tramitación del expediente, y con este objeto se les remite este correo, comenzando a contar el plazo desde el día siguiente al de su recepción.

Un saludo.

Román Otero Ferreiro

Secretario de la mesa de contratación

Otero Ferreiro, Roman

De: Otero Ferreiro, Roman **Enviado el:** jue 30/11/2017 12:47
Para: martap@arasti.com
CC:
Asunto: CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/57/2016
Datos adjuntos:

En el día de hoy se ha celebrado una reunión de la mesa de contratación correspondiente a la licitación del servizo de dinamización y mediación sociocultural de la red de centros cívicos del Concello de Santiago de Compostela.

En la mencionada reunión se ha puesto de manifiesto una ausencia de pronunciamiento sobre la exclusión de la propuesta presentada por el licitador ARASTI BARCA SL, que tendría por base el no haber superado el umbral mínimo de puntuación fijado en la cáusula 10.3 del pliego de cláusulas administrativas particulares de aplicación.

Esta omisión se considera perfectamente subsanable, retrotrayendo el expediente al momento procedimental que permita adoptar la decisión procedente a este respecto, y manteniendo la validez, por supuesto, de las actuaciones anteriores.

La mesa ha acordado, sin embargo, para una mayor garantía y respeto a los principios de buena fe y transparencia, conceder a las empresas licitadoras una audiencia de tres días para que formulen las alegaciones que estimen oportunas, antes de continuar con la normal tramitación del expediente, y con este objeto se les remite este correo, comenzando a contar el plazo desde el día siguiente al de su recepción.

Un saludo.

Román Otero Ferreiro

Secretario de la mesa de contratación

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de decembro de 2017, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Concepción Fernández Fernández

Vogais: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Carme Casado Casado, técnico de promoción económica.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

O secretario da mesa da conta do resultado da audiencia concedida ás empresas ARASTI BARCA e FERROVIAL SERVICIOS que fora acordada na ultima reunión.

A empresa ARASTI non presentou resposta escrita, realizando eso sí unha consulta telefónica sobre a incidencia desta decisión no procedemento, e unha vez aclaradas as súas dúbidas, reservándose o dereito a presentar no seu momento un recurso especial contra o contido do informe valorativo da súa proposta técnica.

A empresa FERROVIAL sí que respostou ó correo electrónico enviado, confirmando que comparte a interpretación feita por esta mesa da necesidade de retrotraer as actuacións realizadas no procedemento co obxecto de acordar a exclusión da empresa ARASTI, por non ter acadado a puntuación mínima esixida no prego, conservando a validez de todo o tramitado ata este momento.

En definitiva, a mesa acorda a **exclusión** da licitación da oferta presentada pola empresa ARASTI BARCA SL por non ter acadado o umbral mínimo de puntuación fixado na cláusula 10.3 do prego de cláusulas administrativas de aplicación, ratificando, así mesmo, a validez do acto de apertura da oferta presentada pola empresa FERROVIAL SERVICIOS SA pola cantidade de 925.822'72 euros.

Finalmente, lévase a cabo a lectura do informe de valoración do estudio económico presentado pola empresa FERROVIAL, do que resulta que cumpre os requerimentos do prego ó garantir a viabilidade económica da proposta e o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación ó servizo.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador FERROVIAL SERVICIOS SA, única oferta finalmente supervivinte no procedemento que oferta un importe de **925.822'72 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de

obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia		
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON11I11R	Expediente CON/57/2016	

15078DCON11I11Rt

ACTA DA 8ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 945.291,27 euros/ano máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xaneiro de 2018, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vocales: Dna. Marta Lois, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, FERROVIAL SERVICIOS SA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:34 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO